Confederación Intersindical Galega
AUTONÓMICA

Acordo comisión de listas de contratación relativo á modificación de ámbitos:

Por Resolución do 21 de decembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG nº 253 do 30 de decembro de 2009), acordouse a modificación dos ámbitos en determinados corpos, escalas, grupos e categorías reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, e polo Decreto 89/1997, do 10 de abril, segundo a proposta acordada pola Comisión Permanente Central na súa xuntanza do 17 de decembro de 2009, unha vez estudadas diversas solicitudes de cambio de ámbitos, co obxecto de facilitar unha mellor conciliación da vida laboral e familiar. As listas nas que se modificaron os ámbitos son as seguintes:

CORPOS E ESCALAS (PERSOAL FUNCIONARIO)

GRUPO	CORPO/ESCALA	DENOMINACION	ÁMBITOS
A	2063	Escala de Enxeñeiros/as agrónomos	Provincial e servizos centrais
A	2066	Escala de Enxeñeiros/as de montes	Provincial e servizos centrais
B	2052	Escala de Enxeñeiros/as técnicos forestais	Provincial e servizos centrais
B	2077	Escala de Enxeñeiros/as técnicos agrícola	Provincial e servizos centrais
D	2054	Escala de axentes forestais	Provincial

GRUPOS E CATEGORÍAS (PERSOAL LABORAL)

GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN	ÁMBITOS
I	002	Licenciado/a en mediciña	Provincial
I	004	Titulado/a superior.	Provincial
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a.	Provincial
I	038	Técnico superior de defensa contra incendios forestais.	Provincial
II	007	Titulado/a grao medio.	Provincial
II	039	Técnico forestal de defensa contra incendios forestais.	Provincial
III	050	Técnico/a especialista xardín de infancia.	Agrupación de municipios
III	064	Oficial/a 1ª tractorista. Tractorista.Operador/a maquinaria pesada	Provincial

Acordo comisión de listas de contratación relativo á modificación de ámbitos:

III	067	Capataz de obras. Capataz de cuadrilla. Xefe/a equipo. Oficial 1ª obra COTOP. Capataz	Provincial
IV	003	Auxiliar sanitario, auxiliar clínica, auxiliar psiquiátrico/a, auxiliar de enfermería, coidador/a xeriátrico, coidador/a.	Agrupación de municipios
IV	004	Auxiliar fogar, coidador/a auxiliar, auxiliar coidador/a, auxiliar de internado.	Agrupación de municipios
IV	031	Legoeiro/a	Provincial
V	009	Peón/ona forestal	Provincial

Coa finalidade de que os integrantes das listas que foron chamados con anterioridad á publicación da resolución podan beneficiarse das posibilidades que ésta ofrece para conciliar a vida familiar e laboral, esta comisión acorda:

Os integrantes dunha lista que, en aplicación do artigo 17.3 do decreto 37/2006 fosen excluídos dela no tempo que medie entre a publicación da resolución pola que se acorda a modificación dos ámbitos e os dez días seguintes á publicación das listas definitivas elaboradas ao seu abeiro, poderán ser incorporados de novo á lista sempre que se dean as circunstancias e se cumpran os requisitos seguintes:

1.- Que o interesado estivese inscrito nunha lista que se relacionan no anexo I da resolución pola que se acorda a modificación dos ámbitos.

2.- Que o interesado fose excluído dela por algunha das seguintes causas:

a) non se presentase ou renunciase a unha citación para a cobertura dun posto nunha localidade distinta ás solicitadas ao abeiro da resolución pola que se acorda á modificación dos ámbitos.

b) renunciase a un posto que estaba ocupando nunha localidade distinta ás solicitadas ao abeiro da devandita resolución.

3.- Que o interesado presente unha solicitude de reincorporación á lista da que foi excluído.

A data de reincorporación á lista será do día seguinte á admisión da solicitude pola comisión.